



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

CALIDADE e SAÚDE

Vigo, 25 de Marzo de 2010

Dende a modificación dos repartos, o famoso EQUINOX, a raíz da eliminación dos 13 minutos que tiñamos de fatiga "ANDÓN" vendéusenos, que os traballadores/as, íamos mellorar en *calidade* e nos *equilibrios nas cargas de traballo*.

A C.I.G. xa informou no seu momento que esta modificación tiña unha segunda lectura, non nos enganabamos. A día de hoxe, comprobamos como por un lado o tempo do ANDON segue sendo utilizado de maneira indiscriminada para recuperar paradas alleas os traballadores/as, ou incluso non se lle fai caso, e por outra banda dende o Departamento Técnico, mantén a entrega de repartos con cargas excesivas.

¿Como se nos pode dicir ós traballadores/as "*que probemos a ver se damos feito o novo reparto*", cando os que o elaboran son conscientes que estes están case *nun 50% de produción cunha carga media de 1'40*, namentres o paso de coche é de 1'18? ¿que condición humana pode aguantar 8 horas con este ritmo de traballo?

¿Como entender que dentro dun Módulo se eliminen postos, se repartan as operacións entre os que quedan, e súa vez "*baixen as cargas dos repartos*"?

¿Porque se nos nega o dereito como Representantes dos Traballadores, a entrega do conxunto dos repartos dun Módulo, cando este sufriu toda unha restructuración, como foi o caso do Módulo 13, para así poder contrastar que, cando menos, os tempos das operacións se respectaron?. Quen ten medo á información é por que algo oculta.

Se a CALIDADE é unha responsabilidade que debemos compartir todos/as, *¿que aportan aqueles que teñen nas súas funcións o deber de evitar as malas composicións?. ¿Porque temos os traballadores/as que sufrir as consecuencias da irresponsabilidade doutros?*

Ante estes feitos, a C.I.G. pide a Dirección:

Que se realmente lle preocupa a CALIDADE e a SAÚDE dos traballadores/as, empece por corrixir os abusos que se están a dar en materia de Rendementos e Tempos.

Un traballador/a, dende a responsabilidade que lle trae ó Centro de Traballo, que non é outra que levar un salario gañado honradamente, non se pode ver día tras día rebentado para realizar o seu posto, ou incluso irse para casa "acompañado" pola sensación psicolóxica de que, a pesares do seu cansancio, sentirse incapaz de poder realizar o traballo encomendado. Isto si é favorecer as enfermidades profesionais e psicosociais.

Confederación Intersindical Galega